

PLAN DE IGUALDADE

CEIP PÉREZ VIONDI



CURSO 2019 - 2020

TÁBOA DE CONTIDO

1. INTRODUCCIÓN.....	3
2. MARCO LEGAL.....	3
3. ANÁLISE DE DATOS E RESULTADO DA IGUALDADE NO CENTRO.....	4
4. OBXECTIVOS XERAIS.....	6
5. CONTIDOS	7
6. PRINCIPIOS DE ACTUACIÓN.....	7
7. PROPOSTA DE ACTUACIÓNS.....	7
8. METODOLOXÍA.....	9
9. AXENTES.....	10
10. SEGUIMENTO E AVALIACIÓN.....	10
11. GLOSARIO	11

1. INTRODUCCIÓN

A educación e a igualdade entre mulleres e homes son dereitos humanos e principios xurídicos universais. O presente Plan de Igualdade pretende dar resposta ao obxectivo de acadar a igualdade entre mulleres e homes, acabar coas desigualdades por razón de xénero e previr a violencia de xénero a través da Educación.

Este plan pretende educar na igualdade, axudar ao alumnado a crecer como persoas, a desenvolver uns valores básicos e obter un equilibrio no seu desenvolvemento persoal e na adquisición das competencias clave e que isto facilite a integración na sociedade.

O CEIP Pérez Viondi é un centro que conta con 20 unidades: 6 de Educación Infantil e 14 de Educación Primaria. O centro acolle nenos e nenas do zona urbana do concello de A Estrada así como dalgunhas parroquias colindantes pertencentes ao mesmo concello. En xeral, o nivel sociocultural e económico é medio.

Destacamos a presenza da interculturalidade, a través da escolarización de alumnado marroquí e romanés, principalmente, aínda que tamén notamos a chegada de alumnado procedente de Venezuela.

2. MARCO LEGAL

- Decreto 374/1996, do 17 de outubro, polo que se aproba o Regulamento das escolas de E.I. e dos colexios de E.P.;
- Orde do 22 de xullo do 1997 pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento das escolas de E.I. e dos colexios de E.P
- Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.
- Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo de educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE), que modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de Maio, de Educación (LOE)


- Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.
- VII Plan Estratéxico de Galicia para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes 2017-2020, un instrumento de planificación froito do compromiso institucional para seguir avanzando para acadar a necesaria igualdade entre mulleres e homes.
- I Plan de actuacións para la Igualdad en los centros educativos de Galicia 2016-2020
- Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de homes e mulleres.
- Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para prevención e tratamento integral da violencia de xénero. 4 Lei pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia (2014)
- Protocolo educativo para garantir a igualdade, a non discriminación e a liberdade de identidade de xénero (abril 2016)

3. ANÁLISE DE DATOS E RESULTADO DA IGUALDADE NO CENTRO


A) Composición do equipo directivo




B) Composición do claustro




C) Composición do consello escolar



D) Composición do alumnado



E) Composición do personal non docente



4. OBXECTIVOS XERAIS

- a) Integrar o principio de igualdade de oportunidades entre homes e mulleres na práctica docente.
- b) Fomentar dinámicas educativas libres de estereotipos de xénero, favorecendo que o alumnado poida desenvolver o seu proxecto vital sen condicionamentos, desde a liberdade e diversidade de opcións.
- c) Garantizar a igualdade de oportunidades no ámbito escolar.
- d) Fomentar a representación equilibrada de nenas e nenos nas aulas.
- e) Educar desde a diversidade para unhas relacións afectivas e sexuais saudables e respectuosas, e para unha convivencia harmónica que integre a diversidade de xénero, sexual, e afectiva.
- f) Promover a participación e implicación das familias no traballo coeducativo.

g) Actuar nas situacións de acoso e violencia de xénero.

5. CONTIDOS

Os contidos que propoñemos, en consonancia cos obxectivos sinalados son:

- Coresponsabilidade.
- Responsabilidade persoal nos estudos.
- Resolución pacífica de conflitos.
- Formación en habilidades sociais e comunicativas.
- Xogos coeducativos.
- Valoración positiva das tarefas domésticas e dos homes (pais/avós) coidadores.

6. PRINCIPIOS DE ACTUACIÓN

Traballaremos sobre os seguintes principios:

- Aceptación da igualdade e diversidade
- Coñecemento das diferenzas entre xénero e sexo.
- Coñecemento do propio corpo desde o punto de vista biolóxico, non sexista ou racista.
- Valoración da importancia que tiveron na súa época persoas que intentaron romper cos roles sexistas establecidos.
- Coñecer e respectar as distintas tendencias sexuais, outras razas, relixións e outras formas de pensar.

7. PROPOSTA DE ACTUACIÓNS

➤ PARA O PROFESORADO

- Análise, desde a perspectiva de xénero, dos materiais curriculares, especialmente dos libros de texto.

- Uso dunha linguaxe non sexista na oralidade das prácticas educativas, nos recursos didácticos de aula e nas información ás familias...
- Análise de estereotipos sexistas, incidindo na sensibilización sobre a perda que conleva unha socialización non igualitaria e promovendo actuacións que supoñan a ruptura cos roles de feminidade ou masculinidade a través das prácticas educativas.
- Deseño de actividades complementarias que reforcen contidos curriculares, por exemplo, visitas a exposicións sobre a muller, etc...

➤ **PARA O ALUMNADO**

Abordarase para o conxunto do alumnado a celebración das seguintes efemérides:

- 25 de novembro: “Contra a violencia contra a muller”.
- 8 de marzo: “Día da muller traballadora”
- 4 – 17 de novembro: Semana da Ciencia “Mulleres na ciencia”
- 30 de xaneiro: “Día da paz”
- 23 de abril: “Día do libro: contribucións das mulleres”
- 11 – 17 de maio: Semana das Letras Galegas

Ademais por etapas, traballaremos sobre as seguintes propostas:

EDUCACIÓN INFANTIL	EDUCACIÓN PRIMARIA
<ul style="list-style-type: none"> - Lecturas: “Azul e rosa” “Rosa Caramelo”, “ O libro dos porcos”, “Nin un bico á forza”, “Unha feliz catástrofe” - Visionado de películas: Mulán, Vaiana, “Brave” - Saídas complementarias en relación á temática sinalada. 	<ul style="list-style-type: none"> - Lecturas: “Oliver Button é unha nena”, “Billy e o vestido rosa” “O diario violeta de Carlota”. “Quen axuda na casa?” Visionado de películas: “Quiero ser como Beckham”, “Billy Elliot”, “ Vaiana” e “A Viaxe de Chihiro”. - Saídas complementarias en relación á

	temática sinalada
--	-------------------

➤ **PARA AS FAMILIAS**

- Dar a coñecer as actividades que se desenvolverán en relación ao plan de igualdade.

Poñer a disposición da familia e comunidade educativas diferentes recursos para traballar a coeducación.

- Concienciar á familia sobre a importancia de educar en igualdade.

- Potenciar a participación e colaboración das familias, ANPAS e a comunidade educativa na defensa da igualdade.

8. METODOLOXÍA

A educación para a igualdade só é posible cando se asenta unha metodoloxía aberta, activa, participativa, flexible e creativa na que teña lugar a educación emocional que nos permita proxectar unha verdadeira escola de iguais. Unha educación para a igualdade debe estar centrada no fomento no traballo por proxectos, no diálogo e nas relacións afectivas, así como na resolución de conflitos, respecto e cooperación, recoñecendo que todos temos os mesmo dereitos e mesmas oportunidades.

Traballaremos actividades prácticas, colaborativas, lúdicas, activas e participativas, onde a aprendizaxe sea significativa. Traballaremos partindo das experiencias do alumnado, do contorno máis inmediato que lles rodea (mulleres na contorna).

A coeducación confórmase como un modo de traballar o currículo, non unha materia illada ou engadida, enténdese que debe estar presente en todo momento.

Nas etapas de Educación Infantil e Primaria debe priorizarse o ensino do bo uso do xogo e xoguetes, o establecemento de relacións basadas no respecto e igualdade.

Tamén se debe priorizar as relacións entre o profesorado, orientando e informando sobre dita temática e xeralizando a linguaxe non sexista. Así como informar e orientar ás familias do alumnado e dando a coñecer á comunidade educativa.

9. AXENTES

O plan de igualdade do CEIP PÉREZ VIONDI vai dirixido a toda a comunidade:

- ✓ **ALUMNADO:** co que se realizan as actividades propostas
- ✓ **PROFESORADO:** participan na elaboración do plan de igualdade, proposta de actividades e posta en práctica das mesmas.
- ✓ **FAMILIAS:** colaborando con elas e concienciando sobre a importancia do plan.
- ✓ **COMUNIDADE EDUCATIVA:** obtendo información salientable sobre a temática do plan.
- ✓ **ASOCIACIÓNS, CFR, CONCELLO E OUTROS ORGANISMOS:** colaborando na posta en práctica do plan.

10. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN

O seguimento e avaliación do plan de igualdade é imprescindible para corrixir, modificar ou mellorar, axudaranos a detectar fortalezas e/ou carencias.

Para a avaliación de dito plan, utilizaremos como instrumento principal a observación e por outra banda, a realización de enquisas en relación ás actividades e aos implicados (alumnado, profesorado, familias...).

Entre os indicadores de logro que contemplaremos para a avaliación do plan de igualdade, están:

INDICADORES DE LOGRO	1	2	3	4
1. Grao de participación				
2. Relación cos obxectivos e contidos a abordar				
3. Implicación da actividade				
4. Organización da actividade				
PROPOSTAS DE MELLORA:				

Os resultados, na medida de posibilidades, serán desagregados por sexo.

11. GLOSARIO

- **ACCIÓN POSITIVA:** co efecto de promocionar a igualdade entre mulleres e homes, non se considerarán discriminatorias as medidas especiais encamiñadas a acelerar a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, sen que, en ningún caso, estas medidas poidan supoñer, como consecuencia práctica, o mantemento de regulaci3ns separadas. As medidas de acci3n positiva manteranse mentres non estean plenamente acadados os obxectivos de igualdade de oportunidades.
- **COEDUCACI3N:** m3todo de intervenci3n educativo que vai m3is al3 da educaci3n mixta e cuxas bases se fundamentan no recoñecemento das potencialidades e individualidades das nenas e nenos, independentemente do seu sexo. A coeducaci3n 3, polo tanto, educar dende a igualdade de valores, oportunidades e trato 3s persoas.
- **CORRESPONSABILIDADE:** repartici3n equitativa das responsabilidades dom3sticas e do coidado das persoas entre mulleres e homes. No reparto dos coidados 3 imprescindible que o tempo dedicado 3 crianza das fillas e fillos por parte das persoas proxenitoras sexa igual.
- **EMPODERAMENTO:** termo empregado na IV Conferencia Mundial das Mulleres para referirse ao aumento da participaci3n feminina nos procesos de toma de decisi3n e acceso ao poder. Incl3e o fortalecemento da s3a posici3n social, econ3mica e pol3tica e busca reducir ou eliminar as relaci3ns de poder entre os sexos.
- **ESTEREOTIPO DE X3NERO:** fai referencia a unha serie de ideas impostas, simplificadas, pero fortemente asumidas sobre as caracter3sticas, actitudes e aptitudes das mulleres e dos homes. Estas ideas, fixas, as3mense como naturais e serven para clasificar as persoas sen ter en conta as s3as realidades individuais polo que se establece un modelo do feminino e do masculino nun contexto dado e se normativiza ou categoriza os membros da sociedade de acordo con iso.

- **FEMINISMO:** movemento que procura a Igualdade entre homes e mulleres en todos os ámbitos da vida.
- **IGUALDADE:** en coeducación, enténdese como igualdade de dereitos e oportunidades entre as persoas, independentemente do sexo ou xénero ao que pertenzan.
- **IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES:** fundamentado no principio de Igualdade, refírese á necesidade de corrixir as desigualdades que existen entre mulleres e homes na sociedade. Constitúe a garantía de que mulleres e homes poidan participar en diferentes esferas (económica, política, participación social, de toma de decisións...) e actividades (educación, formación, emprego...) sobre bases de igualdade.
- **LINGUAXE INCLUSIVA:** é aquela que fai visible a existencia dos sexos, utilizando diversas fórmulas para fomentar unha visión do mundo na que se inclúan mulleres e homes. É unha linguaxe completamente correcta desde unha perspectiva gramatical, que busca superar o sexismo lingüístico e o androcentrismo.
- **LINGUAXE SEXISTA:** uso da linguaxe que fomenta a discriminación das mulleres, é dicir, utiliza o masculino como xénero gramatical que inclúe o feminino, invisibilizando as mulleres.
- **MICROMACHISMO:** comportamento ou expresión “invisible ou de escasa visibilidade” da violencia e dominación, que con frecuencia, algúns homes realizan no ámbito das súas relacións.
- **PERSPECTIVA DE XÉNERO:** enfoque que ten en consideración as diferenzas entre mulleres e homes en calquera actividade ou ámbito co obxectivo de acadar unha igualdade real e efectiva..
- **ROLES DE XÉNERO:** conxunto de papeis e expectativas diferentes para mulleres e homes que marcan a diferenza respecto a como ser, como sentir e como actuar. Estes roles son asignados pola sociedade na que vivimos e, como consecuencia diso, as persoas desenvólvense como mulleres ou coma homes identificándose cos roles que polo seu sexo lles foron asignados.
- **SEXISMO:** actitudes que inciden, favorecen e perpetúan a desigualdade por razón de sexo e/ou xénero.

- **SEXO:** conxunto de diferenzas biolóxicas (anatómicas e fisiolóxicas) entre homes, mulleres e intersexuais.
- **SOCIALIZACIÓN:** proceso de interiorización de valores e comportamentos provenientes da contorna no que a muller e o home viven, chegando a asumilos como propios e naturais.
- **VIOLENCIA DE XÉNERO:** termo acuñado na Conferencia Mundial sobre a muller en Pequín (1995) e que se define como todo acto de violencia sexista que ten como resultado posible ou real un dano de natureza física, sexual, psicolóxica, incluíndo as ameazas, a coerción ou a privación arbitraria de liberdade para as mulleres e as súas fillas e fillos menores, xa se produza na vida pública ou na privada.
- **XÉNERO:** construción cultural segundo a cal se lles asigna ás persoas determinados papeis, ocupacións, expectativas, comportamentos e valores por razón do seu sexo.